



PLANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.

Nº DE SESIÓN: 1/2020

CARÁCTER: Ordinario

ANUNCIO

Con data 27 de xaneiro de 2020, o Sr.Alcalde ditou resolución do tenor literal que se indica:

"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO

De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta alcaldía RESOLVE:

PRIMEIRO.- Convocar á Sesión Ordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o vindeiro xoves día 30 de xaneiro ás 20:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, a fin de resolver os puntos incluídos na seguinte:

ORDE DO DÍA

A) Parte resolutiva:

1º.- Aprobación, se procede, de borrador da acta da sesión anterior ordinaria nº 15/2019, do 28 de novembro .

2º.- Expediente 2405/2019. Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais realizada o día 23/01/2020 de proposta da Alcaldía, de data 18/12/2019, sobre aprobación inicial do Plan Municipal de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais do Concello de Tui.

3º.- Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais realizada o día 23/01/2020 de proposta sobre creación dun "SKATEPARK" no centro de Tui.

4º.- Ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais realizada o día 23/01/2020 sobre instar a Renfe o mantemento do servizo de venda presencial de billetes na estación de ferrocarril de Guillarei e outros.

5º.- Mocións de Urxencia.

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 9KVGTD5H9NS65D3HT05PQGL5N | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



B).- Actividade de control:

6º.- Dación de conta das subvencións e disposicións de interese dos meses de decembro de 2019 e xaneiro do 2020.

7º.- Dación de conta de resolucións de Alcaldía:

Do nº 1375 de data 22/11/2019 ata o nº 1558 de data 31/12/2019.

Do nº 1 de data 02/01/2020 ata o nº 62 de data 24/01/2020.

C).- Rogos e preguntas:

8º.- Rogos e preguntas.

SEGUNDO.-Notificar a presente Resolución aos concelleiros advertíndolles que, conforme ao disposto polo artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.

TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos Concelleiros a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando a convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, no seu caso."

O que se fai público para coñecemento e efectos.

En Tui, o alcalde

Documento asinado dixitalmente á marxe.

Concello de Tui

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



Cod. Validación: 9KVGTD5H9NSG5D3HTQ5POQL5N | Corrección: <https://concello.tui.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2